IESSOUTOMAIOR CURSO 2021-2022 LATÍN 2º BACH.

6.3.1. Criterios de avaliación

Para avaliar os contidos da materia podense utilizar os seguintes procedimentos e instrumentos de avaliación. Referencia: Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia:

BLOQUE 1. O latín, orixe das linguas romances

B1.1. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.

B1.2. Coñecer e aplicar as regras da evolución fonética e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.

BLOQUE 2. A morfoloxía

B2.1. COñecer as categorías gramaticais.

B2.2. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras

B2.3. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto latino e enuncialas. B2.4. Identificar, declinar e traducir toda as formas nominais e pronominais.

B2.5. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de todas as formas verbais.

BLOQUE 3: A Sintaxe

B3.1. Coñecer e aplicar os coñecementos da sintaxe nominal e pronominal para a tradución de textos latinos. B3.2. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas latinas.

B3.3. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas en interpretación e tradución de textos latinos.

B3.4. Definir, comprender e recoñecer os diferentes tipos de oracións compostas coordinadas e subordinadas. B3.5. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo: infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino.

BLOQUE 4: A Literatura

B4.1. Enumerar os principais factores da transmisión da literatura latina ao longo dos períodos históricos, e describir os soportes da escritura na Antigüidade e a súa evolución.

B4.2. Coñecer as características dos xéneros literarios latinos, os seus autores, as obras máis representativas e as súas influencias na literatura posterior.

B4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura latina como base literaria da literatura e da cultura europea e occidental. B4.4. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo xénero, época, características e estrutura, se a extensión da pasaxe o permite.

B4.5. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior.

BLOQUE 5: Toponimia e Léxico

B6.1. Coñecer, identificar e traducir termos latinos pertencentes ao vocabulario especializado: léxico literario, científico e filosófico.

B6.2. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes.

B6.3. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado. B6.4. Recoñecer a presenza de latinismos e helenismos na linguaxe científica e na fala culta, e deducir o seu significado a partir dos correspondentes termos latinos e gregos.

BLOQUE 6. Textos

B5.1. Realizar a tradución e interpretación de textos latinos orixinais.

B5.2. Utilizar o dicionario, analizar e valorar correctamente a información gramatical que proporciona e procurar o termo máis acaído na lingua propia para a tradución do texto.

B5.3. Realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos de autores latinos.

B5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos. B5.5. Identificar as características formais dos textos.

6.3.2. Estándares de aprendizaxe

LA2B1.1.1. Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso.

LA2B1.2.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino.

LA2B1.2.2. Explica o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romances, sinalando cambios fonéticos comúns a distintas linguas dunha mesma familia, e ilustralo con exemplos.

LA2B2.1.1. Nomea e describe as categorías, e sinala os trazos que as distinguen.

LA2B2.2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas, e procurando exemplos noutros termos nosque estean presentes.

LA2B2.3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado. LA2B2.4.1. Identifica con seguridade e axudándose do diccionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán.

LA2B2.4.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.

LA2B2.5.1. Identifica con seguridade e axudándose co diccionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán

LA2B2.5.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.

LA2B3.1.1. Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución.

LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza.

LA2B3.3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaos para traducilos cos seus equivalentes en galego e en castelán.

LA2B3.4.1. Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan.

LA2B3.5.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.

LA2B4.1.1. Nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo. LA2B4.2.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.

LA2B4.3.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina.

LA2B4.3.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas.

LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúaos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen.

LA2B4.5.1. Analiza o diferente uso que se fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos da literatura contemporánea.

LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneos/as, e sérvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben.

LA2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución.

LA2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto.

LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos.

LA2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.

LA2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.

LA2B6.1.1. Identifica e explicatermos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán.

LA2B6.2.1. Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza.

LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán.

LA2B6.3.1. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica. LA2B6.4.1. Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.

6.3.3. Graos mínimos esixibles

LA2B1.1.1. Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso.

LA2B1.2.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino.

LA2B2.1.1. Nomea e describe as categorías, e sinala os trazos que as distinguen.

LA2B2.2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas, e procurando exemplos noutros termos nosque estean presentes.

LA2B2.3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado.

LA2B2.5.1. Identifica con seguridade e axudándose co diccionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán

LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza.

LA2B3.3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaos para traducilos cos seus equivalentes en galego e en castelán.

LA2B3.5.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.

LA2B4.2.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.

LA2B4.3.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina.

LA2B4.3.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas.

LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúaos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen.

LA2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto.

LA2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.

LA2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais
o xénero e o propósito do texto.

LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán.

LA2B6.3.1. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica.

6.3.4

Procedementos de avaliación

A avaliación abordarase atendendo ás consideracións e aos puntos marcados pola normativa vixente para a educación secundaria e basearase na consecución das **competencias clave,** na adquisición dos **coñecementos e contidos** programados para o curso e no logro dos **obxectivos** da materia. Esta avaliación será **continua**, aínda que pola organización do curso escolar realizarase por trimestres. Isto permitirá artellar as medidas de recuperación, de seren necesarias, adecuadas ao longo do curso. En relación con isto hai que indicar:

Avaliación Ordinaria

Tres sesións de avaliación, unha por trimestre, nas que se irán comprobando o grao de consecución das competencias, contidos, recuperación de matéria pendente de avaliacións anteriores, e obxectivos. Cando se avalie positivamente unha avaliación, consideraranse recuperadas as anteriores.

Avaliación Extraordinaria

Se as avaliacións ordinarias diagnostican o fracaso do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado ao longo do curso, realizarase unha proba extraordinária o que incluiría os contidos mínimos para a avaliación positiva.

6.3.5.Instrumentos de avaliación

Tendo en conta o anterior, os instrumentos serán:

1.Esquemas e resumos de textos e comentarios dos mesmos.

2.Actividades de busca de fontes diversas, incluídas as TIC, e comentários de textos, mensaxes ou imaxes.

3.Actividades sobre etimoloxías das palabras aplicando as regras evolutivas e coñecemento e comparación cós termos herdados, distinguindo os patrimoniais dos cultismos.

4.Actividades sobre formacións de palabras e coñecemento de vocabulários específicos.

5. Emprego de latinismos en distintos textos.

6. Capacidade de Comprensión e uso dos paradigmas latinos.

7. Prácticas elementais de análise morfosintáctica e tradución e retroversión correspondentes.

8. Uso das TIC como instrumento para a realización de tarefas, central ou complementário em función das mesmas.

6.3.6 Criterios de cualificación.

A cualificación de cada unha das avaliacións e a nota final de curso será obtida a partir das cualificacións das probas escritas (unha ou dúas por avaliación) que se realizarán despois de cada bloque de contidos, coas actividades correspondentes.

Asímesmo, serán tidas en conta para as cualificacións as intervencións orais nas clases, os traballos individuais ou grupais sexan encomendados ou voluntários (atendendo a indicadores como pulcritude e limpeza, corrección na escrita, extensión acaída, boa disposición do contido, etc), corrección integral do caderno de clase (presentación, realización correcta e en tempo das tarefas, limpeza, bo estado do mesmo, orde, redacción, ortografía, etc.), as lecturas encomendadas (no seu caso), as mostras de interese e participación (tanto na aula como nas saídas), a creatividade, etc. a resolución correcta de actividades e, en xeral, o resultado positivo de calquera das actividades consideradas instrumentos de avaliación realizados. Tamén será tido

en conta o traballo diário, o cal implica a valoración do esforzo continuado do alumnado e a adquisición eficaz de hábitos durante o curso. Como quedou xa apuntado, estes aspectos (traballo diario, participación, mostra de interese, corrección na realización das tarefas e do caderno, etc.)

O 70 % da nota corresponderá ás probas escritas (unha ou dúas por avaliación) e o restante 30 % atenderá ás actividades antes mencionadas, así como á disposición activa e participativa e o interese amosado polo alumnado.

As probas escritas recollerán os contidos linguísticos, culturais e históricos correspondentes aos temas estudados. O profesor poderá, se é o caso, realizar unha recuperación destas probas.

Serán valoradas de xeito bo as actitudes que redunden no normal desenvolvemento das clases, o respecto polos compañeiros/as, polo profesorado e pólas normas da aula. Serán tidas positivamente en conta en canto a valoracións as saídas e intervencións voluntarias do alumnado (sobre todo se son acertadas en canto á resolución correcta dos temas e tarefas propostos), a dinámica de atención ás explicacións e os traballos realizados *motu proprio*, ademais do esforzo individual na boa realización dos traballos encomendados.

A cualificación da avaliación ordinária obterase em función da nota media das tres avaliacións (tendo en conta tamén, se fose o caso, a nota das recuperación/s). Neste sentido cómpre sinalar que é imprescindible que para superar a materia en cada unha das avaliacións ten que figurar unha cualificación de como mínimo un 4. Porén, tamén se terá en conta a evolución do alumnado en interese, esforzo, etc. ao longo do curso.

Na avaliación extraordinária, a proba escrita obxectiva seguirá as mesmas pautas ou o mesmo modelo sinalado. En todo caso, os mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva terán a ver coa adquisición dos contidos mínimos.

Evidentemente serán os resultados académicos que o alumnado obteña nas distintas probas e en cada avaliación os que contribuirían en alto grao a definir un mapa de logros. A porcentaxe de resultados positivos e negativos medirán a dimensión destes. Consideramos que este cálculo poderíase definir tendo en conta o seguinte: se os resultados académicos positivos (das distintas probas, das avaliacións) non acadasen o

50 % o indicador sería negativo; se fosen do 50-60 % o indicador sería aceptable; se fose do 60-70, bo; se do 70-80 notable, e se superase iso, óptimo.

6.3.7. Organización das actividades de adaptación, seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente

No caso de alumnado que realizou cambio de modalidade de bach., para aprobar a materia de 1º deberá realizar as tarefas trimestrais que o profesor lle encomende. En todo caso , se a materia de 2º ten unha avaliación positiva, isto implicará que a de 1º se considera tamén avaliada positivamente.

No caso de alumnado repetidor/a, cómpre establecer un plan personalizado para superar as dificultades e recuperar a materia pendente, a partir dos contidos mínimos do curso. En función das características do alumnado delimitarase unha serie de actividades que contemplen un reforzo da materia, impulsando tarefas de revisión e repaso distribuídas por cada trimestre en relación cos contidos mínimos.

Por outra banda, durante o curso é necesaria unha avaliación de diagnose continua que permita artellar as medidas de reforzo e recuperación necesarias para que o alumnado con dificultades específicas sexan atendidos personalizadamente ou para modificar/adaptar os obxectivos, contidos ou métodos que non teñan os resultados previstos no proceso de ensino-aprendizaxe.

Com esta finalidade o alumnado deberá realizar unha serie de tarefas e exercícios prácticos entregados polo profesor correspondentes a cada avaliación. Polo tanto, será trimestral e terá a ver cos contidos dos que debe amosar coñecemento. En canto a actividades de avaliación, ademais de valorar positivamente a corrección das tarefas encomendadas e a súa entrega en prazo e forma, que computará cun50 % da cualificación, o restante 50 % corresponderase côa proba obxectiva que se realizará trimestralmente. Esta terá en conta os contidos cos que se foi traballando no curso. A superación da materia de cada trimestre suporá ao aprobado da materia, seguindo o apuntado antes. Do contrario, en setembro haberá outra convocatoria para o alumnado que non fose quen de dita superación.

Os criterios de avaliación son os
mesmos que antes se sinalaron.